CONCELLO DE VIGO

VIGO EN GALEGO

# Curso de achegamento á lingua galega

## *Achégate ao galego, nivel básico.*

O curso *Achégate ao galego nivel básico* está dirixido a persoas, de dentro e fóra de Galicia, sen apenas coñecementos do idioma, que procuran formación para se iniciar na lingua galega e acadar unha competencia básica no uso do galego estándar.

O obxectivo primordial deste curso é familiarizarse coa lingua galega dun modo práctico e dinámico, dotando o alumnado dos recursos necesarios para desenvolver as habilidades lingüísticas básicas (escoitar, falar, ler e escribir), que lle permitan satisfacer as súas necesidades de comunicación máis primarias.

Mediante a exposición directa na aula a un uso vivo do idioma, fomentaremos a participación activa do alumnado, concentrándonos nas dificultades da aprendizaxe, para resolver as principais dúbidas coas que acotío se enfrontan os usuarios do galego.

O curso é de balde e está organizado polo Servizo de Normalización Lingüística.

Para unha información máis detallada, consultar a web: vigo.org (pestana avisos)

Datas: **19, 21, 26 e 28 de febreiro; 5, 7, 12, 14, 19 e 21 de marzo; 2, 4, 9, 11, 16 e 18 de abril de 2018**

Horario: **Os luns e os mércores, de 18:30 a 21:00**

Lugar: **2.º andar do Centro Local de Emprego e das Ocupacións (edificio Fernando Carreras, da rúa Areal-O Porto {antiga reitoría})**

*Para inscribirse deben enviar ao correo electrónico* actividades.snl@vigo.org*, os seus datos (nome completo, teléfono). Poñer no asunto: curso galego nivel básico.*